



CPR SAN JOSÉ

5° Educación Infantil

Curso 2020-2021



Titora: María Gamallo Solórzano

Mestra de Lingua estranxeira inglés: María José Luaces Pacheco

Mestre de Psicomotricidade: Gonzalo Jara Fernández

Un ano mais comeza un novo curso. Como sempre temos dúbidas de como vai ser a relación dos/as nosos/nosas nenos/as e o colexio, e este ano, co momento que estamos a vivir a preocupación é maior, entendémolo. Pero non debedesde estar preocupados, dende o colexio queremos que saibades que estamos preparados para conseguir un curso seguro e de maior responsabilidade que nunca.

Recordade en todo momento que o centro ten unhas normas específicas marcadas polo Plan de adaptación ao COVID que os/as alumnos/as deben cumprir de maneira estrita.

Papeles necesarios

RECOLLIDA ALUMNOS/AS

Rogamos comuniquen antes de que comece o curso, e o autoricen por escrito e con fotocopia do DNI, ás persoas que vaian a recoller aos alumnos de maneira habitual. Se nalgún momento cambia a persoa de recollida ou de maneira esporádica ten que vir unha persoa que non estea autorizada con anterioridade terá que facer unha autorización expresa (por escrito) de recollida para ese día.

CAMBIO DE ROPA

A autonomía de control de esfínteres será necesaria para incorporación do alumnado ao centro. Como en anos anteriores, será necesaria unha autorización escrita do pai ou nai, se hai necesidade de cambio de roupa dentro do horario lectivo o alumno ou alumna poderá ter unha muda na clase para ser cambiado.

SAÍDA DO ALUMNO/A DO CENTRO

Todas a saídas do centro (por asistencia ao centro médico, papeis oficiais, outras saídas) serán baixo a responsabilidade dos pais, nai ou titores do alumando que deberán asinar un papel conforme o levan do centro e o motivo da saída.

NON ASISITENCIA DO/A ALUMNO/A AO CENTRO

Xustifica en todo momento a ausencia do teu fillo ou filla. Pode ser mediante os medios previstos polo centro (maneira telefónica, whatsapp, correo electrónico).





Recordade en todo momento que o centro ten unhas normas específicas marcadas polo Plan de adaptación ao COVID que os/as alumnos/as deben cumprir de maneira estrita.

TEMPERATURA

Sabemos que os alumnos e alumnas son moi propensos a estas idades a contaxiarse con moita facilidade polo que recomendamos que non asistan a clase se teñen febre maior a 37 grados, infeccións en boca, oídos ou garganta, conxuntivites ou calquera enfermidade viral ou de fácil contaxio. Por suposto non deberá asistir a clase ningún alumno ou alumna que teña algún síntoma relacionado co COVID19 (neste caso deberá seguir as normas marcadas no plan).

HORARIO


E moi importante, polo ben da organización do centro e do aula, respectar e cumprir en todo momento os horarios marcados tanto en entradas e saídas e respectar todas as normas que marca o Plan de adaptación ao COVID para estes casos.


FAMILIA

Non estará permitida a entrada a clase de ningún familiar. Os/as alumnos/as serán entregados e recollidos na porta do centro. A porta de entrada e saída do alumnado de 5º de Educación Infantil será (visto de fronte o centro) a do centro.

MÁSCARA

Seguindo normas COVID deberán traer unha bolsa protectora (marcada con nome e primeiro apelido) onde meter a máscara cando non sexa utilizada.





CUMPREANOS



Recorden que segundo normas do centro non se poderán entregar invitacións de cumpreanos dentro do centro, e este ano, por normas COVID tampouco se entregarán chucherias ou pequenos agasaios de cumpreanos. A celebración dos cumpreanos no centro serán como sempre mediante cancións e xogos.

TITORIAS

As titorías, seguindo normas COVID, serán sempre con cita previa e faranse mediante correo electrónico, videochamada ou chamada telefónica os xoves de 16.00 a 18.00 h.

Non dubide en utilizar calquera dos medios de comunicación previstos para este curso para calquera dúbida, información ou necesidade que atope durante o curso, para nos é imprescindible a comunicación constante cos pais.



Para poder comunicarse coa profesora podedes utilizar os seguintes medios:

Número de teléfono: 986861990/650869147

Whatsapp: 650869147

Correo electrónico: eicprsanjose@gmail.com

MATERIAL ESCOLAR



O material escolar recollerase por cita previa ao comezo de curso (8 de setembro de 9.30 a 13.30h) e será custodiado polo centro e preservado para que non exista contaminación de ningún tipo. Cada alumno/a terá o seu punto de material diferenciado e non será en ningún momento compartido.

Aula

DISTRIBUCIÓN DO AULA

Cada alumno terá un lugar asignado co seu nome para os momentos de traballo individual.

ROUPA E MOCHILA

A roupa que traian de abrigo e a mochila terá o seu sitio diferenciado para colgalo e non se compartirá en ningún momento entre os alumnos. Os días de chuvia os pais serán os responsables de deixar os paraugas no paraugueiro marcado para esa clase (cor azul).

Todas as partes do uniforme, os tenis ou zapatos, a roupa de abrigo, mochila, paraugas,.. deberán vir marcados co nome e primeiro apelido. O que non teña nome non poderá ser devolto ao alumnado aínda que sexa capaz de diferencialo debido a posibles contaxios.

OBXETOS DE CASA

Recordar que non se poden traer elementos propios da casa (chupetes, xoguetes, mantas, elementos de relax). Na clase terán todo tipo de elementos para pasar a mañá.

MATERIAL DA CLASE

Este ano non serán de uso compartido e se nalgún momento se comparten serán desinfectados antes e despois de cada uso. Os elementos comúns da clase serán desinfectados en todo momento.

MERENDA

A merenda que se traia para media mañá ten que ser tomada polo alumno de maneira autónoma e deberá ser equilibrada. Recomendamos que se traia merenda que lle guste tomar.

A hora da merenda estará totalmente controlada e estarán separados os alumnos para que non se produza ningún intercambio de alimentos.

RECREO

O alumnado terán dous recreos ao longo da mañá. Por normas COVID non estarán en contacto con outros grupos de clase, aínda que si compartirán a praza.

Durante o recreo será recomendable en todo momento o uso da máscara. Nos días na que a climatoloxía non o permita, o recreo realizarase no aula (actividades, xogos, películas, desenvolvemento musical, apoio a lingua estranxeira, desenvolvemento do galego).





INFORMACIÓN DO CENTRO

Toda a información relevante do centro poderá atopala na páxina web :

www.cprsanjose.es